



MARCHA MUNDIAL POLA PAZ E A NONVIOLENCIA WORLD MARCH FOR PEACE AND NONVIOLENCE



MADRID - 2 Outubro 2019 - 6 Marzo 2020 / MADRID - Oct. 2, 2019 - Mar. 8, 2020

POÑÉMONOS DE NOVO EN RUTA

*Percorrendo o planeta para fortalecer a voz que clama por un mundo máis humano
Xa non podemos ver máis sufrimento nos nosos semellantes.*

Xa non queremos máis guerra.

Na nosa conciencia produciuse un cambio e non hai volta atrás. Estase a instalar a Nonviolencia como estilo de vida.

Poñémonos de novo en marcha con ese impulso que nos une ao mellor de nós, de cada un, co mellor do ser humano.

**SOMOS MILES, SEREMOS MILLÓNS
E O MUNDO CAMBIARÁ**

PERCORRIDO

Calendario provisional do Itinerario con datas de entrada e saída por continentes:

EUROPA: Madrid 2/10/2019, Cádiz 6/10

ÁFRICA: Casablanca 8/10, Dakar 27/10

AMÉRICA NORTE-CENTRO:

New-York 29/10, San José de Costa Rica 23/11

AMÉRICA DO SUR: Bogotá 24/11,

Santiago de Chile 3/1/2020


OCEANÍA-ASIA: Wellington 4/1/2020,

Nova Delhi 30/1/2020

EUROPA: Moscú 6/2, Madrid 8/3/2020

O 1 de setembro de 2018, confirmaranse ou modificaranse os lugares e datas.

Do 2 ao 15 de setembro, faranse os axustes necesarios entre países de cada continente e entre o 16 e o 30 de setembro, deixarase cerrado o itinerario xeral da 2ª M. M. pola Paz e a Nonviolencia.



MAPA DE PERCORRIDOS PROXECTADOS

- Percorrido dos Equipos Base
- Outros percorridos da MM
- Conexións da MM
- Novos percorridos
- Jai Jagat 2020



**mundo sen guerras
e sen violencia**

Co antecedente da 1ª Marcha Mundial 2009-2010, que durante 93 días percorreu 97 países e cinco continentes, baseándonos na experiencia e con suficientes indicadores de que se pode obter participación, e colaboracións aínda maiores, propónse realizar esta 2ª Marcha Mundial pola Paz e a Nonviolencia 2019-2020.

PARA QUE?

- Para denunciar a perigosa situación mundial con conflitos crecentes, aumento dos gastos en armamentos á vez que en vastas zonas do planeta moitas poboacións ven postergadas por falta de alimentos e auga.
- Para seguir creando conciencia de que é unicamente a través da "paz" e a "nonviolencia" como a especie humana abrirá o seu futuro.
- Para visibilizar as distintas e moi variadas accións positivas que persoas, colectivos e pobos están a desenvolver en numerosos lugares na dirección de aplicar os dereitos humanos, a non-discriminación, a colaboración, a convivencia pacífica e a non-agresión
- Para dar voz ás novas xeracións que queren tomar a substitución e deixar pegada, instalando a cultura da nonviolencia no imaxinario colectivo, na educación, a política, na sociedade... Da mesma maneira que en poucos anos foise instalando a conciencia ecolóxica.



COMO SE VAI A ORGANIZAR?

Tendo como base **Equipos Promotores (EP)** que xudirán por accións e proxectos que se vaian levantando desde a base social, co espírito de que "cada un faise cargo do que propón". Nos países con EP en varias cidades, articularase un Equipo Promotor do País. Nestes EP, poderán participar tanto organizacións como persoas. Nos EP darase como forma e estilo de traballo a horizontalidade, a actitude colaborativa e o consenso para ir coordinando iniciativas. En outubro de 2018 realizarase un censo dos equipos promotores dos países por onde pasará a 2ª Marcha Mundial, cos informes enviados a esa data sobre o estado de desenvolvemento de actividades xa realizadas e previstas. Co fin de articular todo aquel conxunto de actividades entre países, contarase cun ámbito de coordinación internacional con tódolos EP de cada país.


OS TEMAS CENTRAIS

- A prohibición das armas nucleares. Desarme proporcional cara a renuncia dos Estados a utilizar a guerra para resolver conflitos ou para apropiarse de recursos.
- A refundación das Nacións Unidas, incluíndo o Consello de Seguridade, un Consello de Seguridade Medioambiental e un Consello de Seguridade Socioeconómica.
- A creación de condicións para un planeta integralmente sostible, que teña en conta que é un espazo limitado que decididamente debemos cuidar.
- A integración das rexións e zonas con sistemas socioeconómicos que garantan benestar e recursos para todos, co obxectivo de que nos próximos 10 anos desapareza a fame no mundo.
- A non discriminación de ningún tipo: sexo, idade, raza, relixión, economía, etc.
- A Nonviolencia como nova cultura e a Nonviolencia activa como metodoloxía de acción.



Equipo Base (EB)

Farase responsable da realización do percorrido completo da 2ª Marcha Mundial. Cumprirá con funcións de ensamble e coordinación de itinerarios, relacións institucionais, documentación, produción de materiais xerais e difusión. O EB estará constituído de 300 activistas que apoiem algunha destas funcións. Arredor de 150 deles, serán ademais os que marcharán nalgún dos tramos (15-20 días) do percorrido. En total, en cada momento, haberá entre 15 e 40 persoas viaxando.



Recoméndase consultar o Libro da 1ª Marcha Mundial onde hai numerosos exemplos de accións e iniciativas. Pódese ver online (<http://xurl.es/m8o8x>) incluso pódese descargar (<http://xurl.es/x7bwh>) Tamén convidamos a ver o documental da 1ª Marcha Mundial https://youtube/r_gyzUaHU1M

CANDO E ONDE?

A 2ª Marcha Mundial comezará en Madrid o 2 de outubro de 2019, Día Internacional da Nonviolencia; dez anos despois do inicio da 1ª Marcha Mundial.

Sairá en dirección a África, América do Norte, Centro e Sur, para saltar a Oceanía, percorrer Asia e finalmente Europa, chegando a Madrid o 8 de marzo de 2020, Día Internacional da Muller, despois de circunvalar o planeta nun percorrido de 159 días. Estímase que a 2ª Marcha Mundial pasará por máis de 100 países e que centos de miles de activistas participarán nesta acción mundial.

CON QUEN?

Na 1ª Marcha Mundial participaron máis de 2 mil organizacións. Igualmente aspiramos a que participen todas aquelas persoas, colectivos, representantes de institucións públicas ou privadas que xa veñen dando mostras coas súas accións do seu compromiso coa paz, a nonviolencia e demais temas centrais da 2ª Marcha Mundial.

LANZAMENTO OFICIAL DA 2ª MARCHA MUNDIAL

En novembro de 2018, en Madrid, realizouse o lanzamento oficial da 2ª Marcha Mundial, no marco do II Foro Mundial sobre as Violencias Urbanas e a Educación para a Convivencia e a Paz, impulsado polo Concello de Madrid que reunió a alcaldes e alcaldesas das 500 cidades máis poboadas do planeta. O foro desenvolveuse os días 5, 6, 7 e 8 de novembro. MSGySV participou no comité organizador do dito foro.

COMO CREAR CONDICIÓNS PARA A 2ª MARCHA MUNDIAL?

Os EP locais e por país desenvolverán as iniciativas que vexan convenientes para impulsar a 2ª Marcha Mundial. Como accións comúns probadas e "escalables" destacamos as seguintes:

- **SÍMBOLOS HUMANOS:** En España, xa levan participado 35.000 alumnos e alumnas de 135 colexios na realización de símbolos humanos da Paz e a Nonviolencia. Agárdase que antes do comenzo da 2ª Marcha Mundial, entre os distintos países, teñan participado 3.000 colexios e 1 millón de alumnos e alumnas.
- **MARCHAS LOCAIS E REXIONAIS:** Xa se realizou unha primeira Marcha Centroamericana e están previstas nos próximos meses unha 2ª Marcha Centroamericana e a 1ª Marcha Suramericana. Convidamos a efectuar marchas internas nos países e/ou rexións, con temas específicos. Estase a traballar tamén, entre outras iniciativas, nunha acción na rexión mediterránea, para declarar o Mediterráneo, "Mar de Paz".
- **XORNADAS E FOROS:** Nos últimos anos, leváronse a cabo máis de 15 Xornadas e Foros sobre a Nonviolencia. As últimas xornadas tiveron lugar en Madrid en novembro 2017 con actividades no Congreso dos Deputados, no Concello de Madrid e no centro barrial El Pozo. Aspiramos a que nesta 2ª Marcha Mundial, ademais das actividades propias de cada lugar, se realice unha Xornada ou un Foro, de polo menos un día, para poder intercambiar, debater e planificar futuras accións, ademais de construír organizacións e colaboradores.



CALENDARIO

- Setembro**
- Confirmación de países que participan na 2ª Marcha Mundial.
 - 2 ao 15: Axustes itinerario entre países por continente.
 - 16 ao 30: Axustes itinerario entre continentes.
 - 12 ao 16: 2ª Marcha Centroamericana (6 países, chegada a S. Lorenzo-Honduras).
 - 18: Saida Marcha Suramericana dende Bogotá.

Outubro

- 1: Definida a ruta troncal e posibles rutas converxentes da 2ª Marcha Mundial.
- 12: Chegada da Marcha Suramericana a Santiago de Chile.

Novembro

- 5-8: Lanzamento Oficial da 2ª Marcha Mundial no II Foro Mundial sobre as Violencias Urbanas e Educación para a Convivencia e a Paz. Definidos o calendario xeral, a ruta troncal e os seus elementos centrais.

Dende novembro de 2018 até agosto de 2019, realizaranse os lanzamentos da Marcha Mundial por país e por cidades, no posible, 6 meses antes do paso da 2ª Marcha Mundial por cada lugar.

En novembro 2018 abriráanse as inscricións ao Equipo Base (EB) e en xuño de 2019 definiranse os participantes.



- **UNIVERSIDADES:** Moitas das anteriores actividades foron posibles co apoio dalgunhas universidades. Suixerimos conseguir por país, polo menos unha universidade de referencia e comprometida coa 2ª Marcha Mundial.

- Algunhas universidades que xa mostraron o seu apoio: U. Dr. Andrés Bello (El Salvador), UCENM (Honduras), U. N. Autónoma (Costa Rica), UNED (Costa Rica), U. Nacional (Costa Rica), ITM University Gwalior (India), U.N. Guayaquil (Ecuador).

- Coas universidades e outros colectivos estamos ademais desenvolvendo un plan de módulos de formación para activistas na Nonviolencia.

- **REDE DE PARLAMENTARIOS:** No marco das Xornadas pola Nonviolencia de Madrid realizamos un evento no Congreso dos Deputados de España no que 50 parlamentarios se incorporaron ao PNND (apoiando o Tratado de non Proliferación de Armas Nucleares).
- Está a prepararse unha acción similar de apoio ao Tratado de Prohibición de Armas Nucleares recentemente aprobado pola ONU que está impulsando ICAN.

- **REDE DE MUNICIPIOS:** Na 1ª Marcha Mundial apoiámos a Alcaldes pola Paz (Mayors For Peace) e conseguimos sumar algúns alcaldes a esa rede. Nesta 2ª Marcha Mundial seguiremos apoiando esta organización e traballaremos tamén para crear unha rede de municipios de apoio á 2ª Marcha Mundial.

- *Queremos estender e multiplicar estes tipos de accións ao maior número de países, posible.*